

Procesos selectivos (concurso, oposicións)

A CIG-Ensino xa esixiu da Consellaría a convocatoria dunha Mesa urxente e específica para tratar todo o relacionado cos futuros procesos selectivos, tanto dos que deriven dos procesos de estabilización da Lei que se aprobará no Senado a semana que vén como dos ordinarios de reposición de efectivos. Hai miles de aspirantes, moitos deles profesorado interino, que deben contar canto antes coa información necesaria:

- Como se vai regular o proceso excepcional mediante concurso para as prazas ocupadas temporalmente desde antes de xaneiro de 2016?
- Que vai acontecer co proceso transitorio para aquelas prazas ocupadas temporalmente desde antes de xaneiro de 2018?
- Como vai afectar a aplicación da nova lei no ensino (con OPE que teñen que publicarse antes de xuño e procesos que deben convocarse antes de rematar o ano
- Que vai pasar finalmente coa suma das OPE de 2021 e 2022? Que especialidades se van convocar?
- Como se vai ver afectado nos próximos procesos selectivos o profesorado interino do corpo extinguido de PTFP que, segundo o previsto, pasará a ser no mes de xaneiro de 2022 do novo corpo de profesorado especialista de sectores singulares da FP?



Continuidade do programa ARCO

Desde a CIG-Ensino non aceptamos o argumento da Consellaría de que os fondos enviados polo Ministerio e a Unión Europea teñen carácter finalista e non poden ir máis alá deste ano natural nin que ao comezar con retraso xa terían computado un maior número de contratos dos previstos para poder executar todo o orzamento asignado, obviando nesta xustificación que tardaron semanas en cubrir as vacantes de ARCO nalgúns dos centros, e esas semanas tampouco se van recuperar.

Seguimos esixindo que se amplíen os ARCO, como mínimo até febreiro, e se teñen que ser con fondos da Consellaría pois que así sexa, xa que as necesidades do noso alumnado non entenden de onde veñen os cartos: só entenden de ter nos centros o profesorado necesario.

Non o van ampliar, din que o programa remata o 31 de decembro e punto.

Coidado das crianzas: deber inescusábel

Seguimos sen ter solución sobre que facendo as nosas crianzas son contacto directo dun positivo por COVID ou cando lles pechan a aula, non poden acudir ao centro escolar pero nós non temos permiso para o seu coidado. **Esiximos que se computen como o que son: un deber inescusábel.**

Contacto estreito con persoa positiva en COVID

A Consellaría está actuando dun xeito arbitrario e contraditorio coa xustificación de non poder ir traballar por ser contacto estreito dun positivo. Temos casos nos que se lles indican que teñen que ir traballar e outros nos que cunha acreditación de corentena asinada pola directora xeral de saúde pública se lle exime desa obrigatoriedade. Debe existir un único criterio.

Vacinación do profesorado

Solicitamos que a declaración responsábel sega a ser válida para profesorado con efectos secundarios da vacina xa que é imposible lograr cita para que o SERGAS autorice esa ausencia.

Plan de Igualdade para o persoal docente da Consellería de Educación

Toda administración pública, na súa condición de empregadora, está obrigada a elaborar un Plan de Igualdade antes de marzo de 2022. Función Pública xa está negociando

o seu para o persoal da administración xeral, que no caso da Consellería de Educación só afecta ao persoal non docente. A CIG-Ensino demanda que Educación comece a negocialo canto antes para o profesorado.

Continúa a improvisación nas EOI

Desde as EOI trasladánnos o malestar pola nova apertura de matrícula das probas libres para a xente que non formalizara a matrícula no seu momento, cando desde a Consellaría se informou ás direccións no sentido contrario e así llo fixeron saber ao alumnado que consultaba. O das probas libres nas EOI é un exemplo máis das improvisación constante coa que traballa esta Consellaría. Recordamos que neste curso a CIG-Ensino presentou un recurso contencioso polo incumprimento da normativa sobre as probas libres que se manteñen en datas diferenciadas.

[Non respostan a ningún destes temas alengando que son responsabilidade da dirección xeral de centros e recursos humanos.](#)

Prazas asesores do CIEDix e do CGIFP

Van ser convocadas este ano as prazas destes dous organismos?. Como está a tramitación destes dous decretos?

[A administración di que seguen o seu proceso, e despois dos decretos irán as ordes e a convocatoria das prazas, non dan datas.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal